

PLAN PILOTO DE REXISTRO SEN SILUETA

P.P.R.S.S.

A partir do día 1 de Xaneiro de 2010, toda gandería de Galicia que desexe rexistrar o seus animais sen, a, ata agora, preceptiva silueta, poderá solicitar a súa incorporación ó PPRSS (Plan Piloto de Rexistro sen Silueta),

A adhesión ó Plan implica:

1º) A partir da data de admisión, todos os animais da explotación que se incorpore ó PPRSS, serán rexistrados sen silueta (o programa de rexistro é diferente).

2º) Cando se transfira un animal dunha explotación adherida ó Plan a outra gandería non adherida (sexa de Galicia ou de outra Comunidade Autónoma), o gandeiro deberá cumprimentar a silueta no Certificado de Rexistro, sobre a cal, a Asociación/Federación vendedora porá o seu selo (validación).

3º) O mesmo proceso do punto 2º deberá seguirse cando un animal participe nun Concurso Nacional, Autonómico, ou calquera outro Concurso no que se esixa silueta.

4º) É tamén obrigatorio remitir a Fefriga o Certificado cumprimentado ca silueta para calquera animal do que se solicite a súa Carta Xenealóxica (exportación, poxa, etc,...).

Para a incorporación dunha explotación de Galicia ó PPRSS, o seu propietario ou representante deberá solicitalo por escrito a FEFRIGA por medio do correspondente impreso de solicitude.